

## INSTRUCCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN PARA O PERÍODO DE CONFINAMENTO

(2-4-2020)

Como xa se indicou nunha nota anterior nesta mesma páxina o servizo de orientación do centro continúa plenamente operativo coas limitacións lóxicas das actuacións presenciais. Segundo se vaian producindo novidades en canto a instrucións de orde superior se adecuaría o que resultase necesario.

En todo caso, sen prexuízo de modificacións posteriores, ésta é a situación respecto de diferentes ámbitos de actuación:

### **ALUMNADO**

#### **Atención á diversidade**

En principio, as medidas de atención á diversidade previstas seguen o seu curso, excepto a atención directa e presencial do profesorado de apoio. Son os mestres e mestras responsables de cada área os que desenvolven a programación ordinaria (tamén durante este período) e os que deben valorar o grao de axudas complementarias que poida necesitar este alumnado segundo os casos.

O profesorado de apoio está dispoñible para adecuar a súa atención e axuda en función de cada caso, cada necesidade, tendo en conta as demandas da persoa titora, coa coordinación, se é preciso, do xefe do departamento de orientación.

Por exemplo:

*-Alumnado de atención á diversidade (non incluído en NEAE):* normalmente seguen a programación ordinaria con pequenos axustes; en ocasións, simplemente metodolóxicos ou organizativos. Non sempre precisan apoios complementarios de profesorado

*-Alumnado con NEAE (e NEE).* Aquí hai que diferenciar segundo os casos. Os que dispoñen dunha ACS, deben recibir tarefas relacionadas coa su programación individualizada e, en moitos casos, recursos e metodoloxías específicas. Con este alumnado, segue a ter un papel fundamental o profesorado de especialistas de apoio (PT e AL), buscando en coordinación coas titoras, a maneira máis útil, asequible e accesible de ofrecer a resposta educativa máis conveniente para o alumno/a.

\* Para cada un destes casos máis especiais se buscará e ofrecerá a proposta individualizada máis factible e adecuada contactando directamente coa familia para contar coa súa opinión.

### **PROFESORADO**

As funcións de información, asesoramento e consulta seguen plenamente vixentes durante o tempo lectivo a través das canles posibles: correo electrónico do orientador, do propio centro e telefónico.

### **FAMILIAS**

Unha das funcións primordiais dun orientador é a relación coas familias, o contacto directo, as consultas, o intercambio de información, a explicación e tratamento de aspectos académicos, de desenvolvemento persoal ou social, entre outros.

Sen posibilidade de citas presenciais, non quere dicir que non haxa acceso a comunicarse co orientador. ¿De qué maneira? Se normalmente se solicita unha cita directamente ou a través dos titores, neste período pódese facer pero a través do correo electrónico do centro ou do teléfono (se está operativo). Desde aí será derivada a demanda ó orientador, que se poñería en contacto con esa persoa para atender a petición na medida en que sexa pertinente e posible.

Independentemente da atención directa, durante este tempo, procurarase deixar nesta páxina ou no blog persoal, algunha recomendación, reflexión ou enlace a asuntos de interese.

### **AXENTES EXTERNOS**

Todos aqueles axentes externos (servizos sociais, sanitarios, profesionais autorizados) que precisen poñerse en contacto co orientador para calquera das actuacións habituais, poden facelo polos mesmos medios que son habituais.

Durante todo este tempo de confinamento domiciliario e ausencia de clases presenciais, poderán ir actualizándose estas instrucións dependendo da evolución dos acontecementos e as necesidades que xurdan.

A Coruña, 2 de abril de 2020

[Luis Seijas Penas](#)

[Xefe do Departamento de Orientación](#)